

A TRAXECTORIA MARIÑA DA CEMMA

Alfredo López*

As tartarugas e os mamíferos mariños cóntanse entre fauna mariña máis ameaza de supervivencia en todo o mundo. Todas as especies de tartarugas mariñas están en perigo de extinción a nivel mundial. A caza directa levou á extinción da balea basca nas augas europeas e ao borde da desaparición dos grandes cetáceos, tamén o impacto doutras actividades humanas manteñen nunha delicada situación a especies tan emblemáticas como os arroaces e as toniñas. Os labores de asistencia aos animais varados, de investigación e de educación ambiental, que puxo en marcha a CEMMA dende o ano 1990 en Galicia, naceron coa vocación de contribuír a conservación das especies.



Primeira unidade móbil da CEMMA. Golfinho riscado varado en Caión, 1998.

A referencia histórica máis importante que deu lugar posteriormente á creación da CEMMA (Coordinadora para o Estudo de Mamíferos Mariños) foi a xuntanza dun grupo de persoas interesadas polos mamíferos mariños o 16 de marzo de 1991 en Santiago, na Porta Faxeira. Esta reunión víñase xestando dende o ano 1990 no seo do Museo de Historia Natural Luís Iglesias, da Universidade de Santiago, nun momento en que a atomización dos grupos ecoloxistas galegos chegaba a un punto álxido. Aquela xuntanza supuxo non só o punto de partida dun grupo de simpatizantes cos pinnípedes e cetáceos, senón o inicio de colaboración entre diferentes colectivos, algo considerado difícil nese momento. Non era a primeira vez que se trataba de organizar un grupo de traballo específico e ambientalista en Galicia, mais tería que ser un equipo consolidado que se especializase en temas mariños e que integrase a colectivos e persoas individuais.

A traxectoria non foi rectilínea dado que diferentes circunstancias foron determinando os pasos a seguir ata a fundación da CEMMA como entidade. O máis importante foi o abandono do

apoio por parte do Museo da Universidade debido a un cambio de dirección, ocasionando o afastamento dalgunhas entidades inicialmente participantes. Mais, este mesmo feito fortaleceu a postura da necesidade da creación dunha estrutura organizativa, legalizando a CEMMA. Esta sólida decisión foi apoiada dende o principio por ANABAM, ERVA e CES, o 6 de febreiro de 1992. Posteriormente fóronse incorporando máis colectivos como HABITAT, SGHN, ADEGA e particulares, ata estar conformada actualmente por seis colectivos e máis de 150 socias e socios.

Xa no 1991 buscárase a relación cos centros de investigación mariña de Galicia, o que derivou nunha intensificación na investigación sobre a ecobioloxía das especies, e comezouse a colaborar con diferentes departamentos da Universidade dun xeito informal.

ANOS 90

O traballo desenvolto cos varamentos foi importante desde o principio, chegando ao rexistro de case 350 exemplares entre 1990 e 1993, o que significaba pasar dunha media de 30 a máis de

100 exemplares ao ano. Hoxe, a Rede de Varamentos de Galicia recolle xa 4.000 rexistros.

Como era necesario un bo labor divulgativo, estableceuse o deseño dunha exposición inaugurada na Guarda no seo das "Xornadas sobre o mar" do ano 1992, sendo esta unha das primeiras accións de educación ambiental sobre o medio mariño promovida por ANABAM. A exposición medrou e chegou a converterse en "Dende a beira do mar" en 1995, por primeira vez co apoio económico da

"A Rede de Varamentos de Galicia recolle xa 4.000 rexistros"

Consellería de Pesca, inaugurada na Siradella (O Grove) e tamén nas posteriores "Golfinhos no azul", instalada no Acuario do Grove, ou "Golfinhos na proa", que percorreu os portos a bordo do pai-lebote "Nieves".

A revista EUBALAENA, creada no 1993 contou ata 1998 con 10 edicións e serviu para a proxección internacional. Ademais de plasmar nela os traballos científicos, tratou de dignificar a nosa lingua levándoa ao terreo científico e divulgativo no que era ata o momento practicamente inexistente. A iniciativa foi ben acollida, recibindo felicitacións de Brasil, Perú, USA, Venezuela e UK. A posta en marcha da páxina web no 1996 mellorou o ofrecemento de información ao público, colaboradores e asociados/as.

En 1995 foi redactado o documento "Amigos do mar, Século XXI", marco no que se detallaban os pasos a seguir ata chegar a unha situación ideal para o estudo dos mamíferos mariños en Galicia. Para iso, era necesario implicar ás diferentes administracións e institucións. Os pasos deste documento foron dándose paulatinamente e esgotando etapas.



Segunda unidade móbil da CEMMA. Rescate de golfinho común na Lanzada, 2009.



Campañas de monitorización marítima no Nauja, 2008.



Balea varada. Ponteceso, 2004.



Areal do Baluarte, Praia da Fontaiña, O Vao, Vigo, 2008.

A partir de aí a investigación e a divulgación adquiriron un importante pulo, que se viu plasmado na colaboración co Aquarium do Grove en 1997 e 1998 coa posta en marcha da Unidade Móbil "Tursion", un Suzuki samurai e un teléfono móbil de coordinación, no ámbito dos proxectos de investigación co Instituto de Investigacións Mariñas-CSIC.

A dramática situación na que apareceu o arroz boto (*Grampus griseus*) chamado "Lourida" e a tentativa da súa recuperación deron forza a esta alterna-

	Nº	% do total	% recuperados	Media anual
Total vivos	230	-	-	29
Total liberados	140	60,8	-	16
Ingresados	107	46,5	-	15
Recuperados	80	34,8	74,8	8

Entre 1990 e 2008 rexistráronse un total de 230 animais mariños varados vivos (cetáceos, quelonios, pinnípedes e seláceos), o que supón o 9,4% de todos os animais varados. As tartarugas e lobos mariños recollidos con vida foron trasladados ás instalacións de rehabilitación conseguindo recuperar 107 exemplares, o 46% do total e o 76% das tartarugas e lobos mariños. O 48% dos cetáceos liberados conseguiron ser reintroducidos con éxito.

tiva de actuación como contribución á conservación, grazas á colaboración co Aquarium do Grove. Posteriormente, en 1999 incorporouse o veterinario Josep M^a Alonso impulsando claramente a recuperación da fauna mariña, sobre todo no relativo a tartarugas e lobos mariños, materializándose un convenio coa Consellería de Medio Ambiente. Comezouse a traballar no deseño do proxecto dun Centro de Recuperación que cambiaría varias veces de proposta de localización.

"A CEMMA utiliza o seu motoveleiro 'Nauja' para as súas campañas de monitorización"

DESDE O 2000 ATA HOXE

O ano 2001 marca un declive da colaboración co IIM-CSIC ao afastaren dos seus obxectivos a investigación de cetáceos. CEMMA mantén o seu compromiso vinculado á investigación e ese mesmo ano comeza as campañas de monitorización marítima nun veleiro de nove metros, que logo sería substituído polo motoveleiro de 23 metros "Nauja".

A partir do ano 2002 a CEMMA ten que abandonar as instalacións do IIM e abre o seu Centro de Coordinación en Panxón. A pesar de perder moitas das oportunidades de espazo e medios que ofrecía o centro de investigación, permitíanos manter unha autonomía completa de actuación.

O vertido do Prestige volve marcar outro reto para a CEMMA, sobre todo no

relativo á intensa actividade derivada da asistencia aos centos de varamentos e á recuperación das 35 tartarugas e 3 lobos mariños petroleados. O labor organizado do movemento ecoloxista e a integración na Plataforma Nunca Máis achegounos máis ao resto das organizacións, e coa incorporación de ADEGA consideramos rematada a etapa de consolidación da CEMMA.

No ano 2003 establécese o segundo convenio coa Consellería de Medio Ambiente, CEMMA-CMA. As autorizacións e o financiamento son dous piares fundamentais para o traballo de asistencia á fauna mariña, poñendo en marcha aos responsábeis de áreas profesionalizadas. Créase a Rede Costeira de Avistamentos, impulsando o labor de campo e a colaboración do voluntariado. O Boletín "Phocoena" e o foro "cemmaamigos" permitiu a mellora da comunicación interna.

Xa en 2006, a CEMMA colabora no deseño e execución do proxecto AUGA+MAR, organizado pola Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade xunto coas empresas Acuario e Acquavisión, conseguindo unha importante proxección do medio mariño e das especies ameazadas na Educación Ambiental. Todo o labor desenvolto pola CEMMA non sería posíbel sen o apoio e a colaboración das socias e socios a través do voluntariado.

LIÑAS DE ACTUACIÓN FUTURAS

En novembro de 2007, e no ámbito das xornadas ambientais "Especies e espazos ameazados", celebradas en Gondomar, establecéronse as liñas reivindicativas e de actuación en vindeiros anos.



Participantes do programa de Educación ambiental e promoción do voluntariado AUGA+MAR 2009 sinalando para o mar.

No ámbito da Rede Natura 2000, a CEMMA reivindicará o clareamento do marco xurídico dos espazos protexidos, nos que ademais haberá que poñer en práctica plans de xestión. Así mesmo, será preciso ampliar a Rede, sobre todo á conservación de turbeiras, áreas mariñas e zonas de especial protección das aves.

En canto á biodiversidade nos sistemas acuáticos, haberá que garantir a continuidade dos ecosistemas fluvial e mariño compartido polas especies migradoras, prestar atención ao sistema fluvial, na liña de reducir a contaminación e as consecuencias que poida ter no medio mariño, eliminar as barreiras e contribuír á recuperación do medio.

Polo que respecta ás especies mariñas ameazadas, a CEMMA avogará por manter a investigación como elemento básico para a conservación das

especies, construír e manter un Centro de Recuperación como elemento prioritario para a mellora dos labores de rehabilitación, investigación e sensibilización.

Outras liñas de actuación serán aproveitar o rendemento dos traballos desenvolto no futuro centro de recuperación como ferramenta para incidir nun mellor coñecemento destas especies e contribuír á sensibilización do conxunto da sociedade, potenciar a información e a educación ambiental, e promover a acción voluntaria mediante a formación e a especialización.

* Alfredo López é Doutor en Bioloxía pola Universidade de Compostela, Fundador e Presidente da CEMMA e responsábel de proxectos da entidade.



Cachalote varado na praia de Espiñeirido, Riveira, 2003.

"Co vertido do Prestige a CEMMA atendeu a centos de varamentos e recuperou 35 tartarugas e 3 lobos mariños petroleados"



Limpeza do lobo mariño NUNCAMAISÑA varado con chapapote do Prestige en Muxía, 2003. Non sobreviviu.

+info: www.cemma.org
www.blogoteca.com/cemma/
 Email: cemma@arrakis.es
 En Cerna, nº(pax.): 37(42), 39(24-26), 49 (31-33)



Reunión da Cemma nas xornadas ambientais de 2007.